FICHA DE BOA PRÁCTICA

Título	Proxecto URBACT COPE
Concello	A Coruña
Provincia	A Coruña
Temática	-
Obxectivo	Desenvolver un plan de acción no barrio da Sagrada Familia
Descrición	O proxecto europeo URBACT COPE busca transformar o barrio da Sagrada Familia da Coruña mediante acción climática participativa e xusta. O plan de acción desenvolvido céntrase en renaturalizar espazos públicos, mellorar a eficiencia enerxética das vivendas e reforzar a cohesión social. Inclúe actuacións como máis zonas verdes, reciclaxe de auga, melloras de accesibilidade e redución da pobreza enerxética. Tamén prevé rehabilitación de edificios, eliminación de infravivendas e impulso de enerxías renovables, desenvolvemento de actividades ambientais, mercados de economía circular e programas de participación veciñal. O proxecto intégrase nas estratexias municipais “Coruña Verdea” e EDIL Sagrada Familia–Os Mallos para garantir continuidade e financiamento europeo. A iniciativa inspírase en modelos de transformación urbana como Canido, en Ferrol, para mudar a imaxe histórica do barrio. Participan asociacións veciñais, entidades sociais, universidade, comercio local e o Concello nun modelo de gobernanza colaborativa. COPE forma parte dunha rede de oito cidades europeas coordinada por Copenhague para avanzar cara á neutralidade climática en 2050.

Inicio-Remate	2023-2025
Organismos participantes	Concello da Coruña; Socios Europeos COPE
Participación cidadá	Era a clave do proxecto: a cocreación do plan a través do grupo de acción local.
Financiamento	Concello da Coruña; FEDER
Resultados obtidos	Un proceso moi satisfactorio. En primeiro lugar a creación de lazos de traballo entre as entidades do barrio e, en segundo, serviu de base para a obtención de fondos edil para a zona
Barreiras	Este tipo de proxecto seguen sen verse coa paciencia que precisan.
Factores facilitadores	A veciñanza
Difusión de resultados	https://urbact.eu/articles/citizen-engagement-corunas-green-transition